

FERROL E OS CRISTOS CHEGADOS POLO MAR



FORO DE AMIGOS DE FERROL

Juan J. Burgoa

OS CRISTOS GALEGOS CHEGADOS POLO MAR

Na costas atlánticas, desde Portugal a Bretaña, desde Galicia a Irlanda, son abondosas as lendas de santos chegados polo mar. Moitos lugares da nosa terra conservan a memoria histórica da arribada á costa da Virxe María e de certos santos a bordo dunhas embarcacións que logo se transforman en rochas de carácter máxico, os chamados “barcos de pedra”: a Virxe da Barca a Muxía, o Apóstolo Santiago a Padrón ou San Andrés a Teixido.

Existe tamén a tradición de que moitas imaxes relixiosas católicas foron botadas ao mar nas Illas Británicas durante a Reforma, sendo logo atopados polos mariñeiros de buques españois. Relacionado co anterior temos a estendida crenza popular existente en varios portos galegos encol de barcos freados na súa saída de porto porque a imaxe de Cristo que transportaba o navío non quería saír de novo á mar, sendo desembarcados.




Os Cristos do Mar galegos
Fisterra, Vigo, Cangas, Ourense

Son moitos os Cristos galegos dos que se conta que chegaron polo mar e que hoxe adobían os altares das igrexas galegas de lugares da costa, onde ostentan o padroado dos mareantes e son obxecto da devoción popular. Ademais do **Cristo da Cadea**, en Santa María de Neda, temos o **Santo Cristo** en Santa María de Fisterra; o **Cristo da Agonía** en San Pedro de Muros; o **Cristo da Victoria**, na Igrexa Colexiata de de Vigo; o **Cristo do Consolo**, en Cangas do Morrazo; o **Cristo das Augas** en A Guarda; e o **Santo Cristo**, na Catedral de San Martiño de Ourense, entre outros.



Cristo da Cadea. Santa María de Neda

Nesta tradición dos Cristos mariñeiros que se poden ver nos templos galegos, cumpre mencionar a pintura ao óleo O Cristo do Mar, recente obra do artista ferrolán Carlos Barcón, que foi doada no mes de Outubro de 2013 á igrexa de Santa Rita de Xuvia, templo patrocinado polo seu bisavó Francisco Barcón.



Cristo do Mar. Santa Rita de Xuvia

O CRISTO DOS NAVEGANTES DE FERROL VELLO

Unha imaxe de gran devoción entre as xentes do mar de Ferrol é a do **Cristo dos Navegantes**, que se atopa na igrexa de Nosa Señora do Socorro, no barrio mariñeiro de Ferrol Vello. Conta a tradición que un navío dedicado ao transporte do sal entrou en Ferrol por mor dunha galerna. Coa mellora do tempo decidiu facerse de novo ao mar, mais cada vez que se achegaba á bocana da ría desatábanse de novo os ventos. Pronto descubriuse a presenza dunha imaxe de Cristo agachada na salmoira das adegas. Interpretando o desexo do Cristo de permanecer en Ferrol, depositouse a imaxe na igrexa parroquial de San Xulián.



O Cristo dos Navegantes (imaxe vella) O Cristo dos Navegantes (nova talla)

Trátase dunha obra de reputada antigüidade, procedente da devandita igrexa de San Xulián. Na igrexa de Nosa Señora do Socorro, a talla de Cristo foi colocada no altar lateral dereito do presbiterio. Trátase dunha obra anónima do século XVII, unha escultura de sequidade e dureza formal, cunha anatomía marcada e sen a menor compracencia estética. A imaxe, de boas proporcións, ten as características da arte barroca popular. Sobre unha cruz en forma de tau, amosa un Cristo sufrinte de tres cravos, representado como morto, coas máis entreabertas, testa coroada de espiñas e caída á dereita, e co pano de pureza de abondosos pregos atado ao mesmo lado.

A imaxe que hoxe en día sae á rúa é unha talla feita en Santiago o ano 1949 polo escultor Enrique Carballido. É un Crucificado de tres cravos, máis abertas e testa coroada de espiñas e caída ao lado dereito, imaxe que semella máis estar

apoiada que pendurada da cruz. É unha obra de certo primitivismo e buscado patetismo, amosando certo parecido formal coas efixies de coñecidos Cristos das igrexas galegas.

O Cristo dos Navegantes constitúe unha referencia histórica e unha sinal de identidade do barrio mariñeiro de Ferrol Vello. Na tardiña do Mércores Santo percorre as rúas do barrio nun paso adobiado simbolicamente de rosas vermellas e caraveis amarelos, acompañado de moitos veciños de Ferrol. A procesión, que transcorre a cara descuberta, pasou por diversas alternativas na responsabilidade da súa organización e por discutibles variacións no seu percorrido histórico, que non impiden que siga sendo a manifestación relixiosa máis sinxela e auténtica dentro da Semana Santa de Ferrol, reflectindo a tradición do máis antigo barrio da cidade.